

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE HARMONÍA

índice

Contido.....	2
Introdución.....	4
Obxectivos.....	6
Obxectivos xerais da materia.....	6
Obxectivos segundo o curso.....	6
Contidos.....	7
Contidos xerais da materia.....	7
Contidos segundo o curso e a avaliación.....	7
Metodoloxía didáctica.....	9
Medidas para atención á diversidade, alumnado ACNEE y ACNEAE e acción tutorial xeral.....	11
Atención á diversidade.....	11
ACNEE e ACNEAE.....	12
Acción tutorial.....	12
Avaliación.....	14
Ferramentas de avaliación.....	14
Criterios de avaliación.....	14
Criterios de cualificación.....	16
Actividades de recuperación e reforzo para alumnado coa materia pendente:.....	16
Recuperación durante o curso.....	16
Avaliación extraordinaria.....	16
Contidos da proba:.....	16
Criterios para a corrección das probas:.....	16
Criterio para a cualificación das probas:.....	17
Proba de acceso a 5º ou 6º de GP.....	17
Contidos da proba:.....	17
Criterios para a corrección das probas:.....	17
Criterio para a cualificación das probas:.....	17
Recuperación de materias pendentes.....	17
Avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.....	17
Ampliación de matrícula.....	18
Bibliografía.....	19

Introdución

A linguaxe musical occidental inclúe unha multiplicidade de elementos que, aínda que distintos no conceptual e, por tanto, divisibles analiticamente, percibimos dun xeito unitario nun contexto musical. A harmonía ocúpase, por unha banda e dentro dunha consideración morfolóxica, do que se produce nun mesmo instante temporal, e por outra parte, dentro do sintáctico, da súa relación co que a antecede e co que a segue: a súa función no contexto de que forma parte.

O sistema tonal - que pode ser cualificado como unha das maiores e máis prolíficas invencións do xénero humano - pode chegar a ser, polas consecuencias derivadas da simplificación que supón, un forte condicionamento para a audición pura de músicas non compostas consonte os seus postulados e a súa mecánica. O coñecemento das súas peculiaridades é, nas mans de quen coñece a fondo todas as cuestións relativas á súa formación e disolución, unha poderosa ferramenta para desenvolver unha escoita intelixente e consciente que permita valorar, na súa xusta medida, tanto a música composta segundo os seus principios como a que non se axusta a eles.

Correspóndelle ao ensino da harmonía a achega do coñecemento profundo do devandito sistema, así como a mecánica do funcionamento dos elementos que o compoñen.

Por ser a harmonía a continuación da linguaxe musical, é lóxico que os seus aspectos teóricos máis básicos estean xa incluídos nos estudos desta materia didáctica. Por outra banda, a práctica da entoación e o repertorio do instrumento estudado, así como a asistencia do alumnado ás actividades musicais propias do seu contorno social, sitúano, sen dúbida, en contacto cunha práctica e un repertorio baseados no predominio case absoluto de músicas compostas consonte o sistema tonal, prioritario na súa educación e na súa formación nesta etapa dos estudos musicais.

Partindo deste suposto, o ensino da harmonía deberá ir paso a paso descubríndolle ao alumnado o que xa sabe sen saber que o sabe; actuará de xeito similar á gramática da propia lingua: non ensinando a falar senón a comprender como se fala.

Nas ensinanzas profesionais de música o ensino da harmonía estará centrado, basicamente, no estudo do devandito sistema tonal, pero sempre considerado baixo un dobre prisma sincrónico-diacrónico: por unha banda, considerando que o sistema tonal posúe unhas estruturas pechadas en si mesmas, que precisamente son estudables e analizables pola permanencia que leva consigo o feito de que as devanditas estruturas estean estreitamente conectadas a un estilo perfectamente definido; por outra banda, non se pode perder de vista no estudo da harmonía que cada estilo ocupa o seu lugar no devir diacrónico da linguaxe musical de occidente, e que nos seus elementos morfolóxicos e na súa sintaxe están presentes elementos e procedementos de seu propio pasado e, en forma latente, as consecuencias da súa propia evolución.

Aparte disto, o coñecemento detallado e profundo do sistema tonal irá permitindo, de xeito progresivo, ampliar a progresión de determinadas ensinanzas, como a historia da música, coas cales a harmonía deberá irmandarse, co fin de procurar a desexable complementariedade en canto á adquisición de coñecementos.

Os contidos da materia responden a unha ordenación lóxica e progresiva dos elementos e dos procedementos postos en xogo no sistema tonal. Nos conceptos correspondentes a cada un dos elementos estudados non só deberá prestarse atención ao aspecto mecánico do seu emprego -criterio sincrónico-, senón que cumprirá unha valoración diacrónica en que se dean cita consideracións históricas e estilísticas. Esta valoración levarase a cabo fundamentalmente por medio da análise, que é unha materia importantísima para traballar durante este período de estudos.

Con respecto aos procedementos, terase en conta que o alumnado aprende ao longo destes estudos o concernente aos aspectos morfolóxico e sintáctico da harmonía tonal. Co fin de facilitar a súa aprendizaxe e avaliar o seu aproveitamento, desenvólvense unha serie de criterios que orientan a disciplina desde un tratamento esencialmente vertical, case homofónico, da realización da harmonía, co fin de que os elementos e os procedementos morfolóxicos e sintácticos que constitúen a súa dobre dimensión sexan comprendidos na súa formulación máis esquemática, ata o emprego de técnicas de escritura máis relacionadas coa realidade musical.

Así mesmo fomentarase, xa desde o comezo do estudo desta materia, a propia capacidade creativa do alumnado e non só no relativo á composición íntegra de exercicios dentro dos supostos estilísticos estudados, senón mesmo no referente a pequenas pezas libres, vocais ou instrumentais a través das cales desenvolva a súa espontaneidade creativa e aprenda gradualmente a resolver os problemas -referentes tanto á harmonía como á forma, á textura, aos contrastes de todo tipo, etc.-que o feito musical vai xerando no seu crecemento.

Obxectivos

Obxectivos xerais da materia

Segundo o Decreto 203/2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os obxectivos da materia serán:

- a) Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.
- b) Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.
- c) Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.
- d) Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.
- e) Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.
- f) Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.
- g) Aprender a valorar a calidade da música.
- h) Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidese presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.
- i) Tocar esquemas básicos no piano.
- j) Ser capaz de tocar os traballos realizados no piano.

Obxectivos segundo o curso

Os obxectivos serán os mesmos para cada curso, dado que todos eles se refiren á adquisición dunha técnica sen variar segundo os contidos.

Contidos

Contidos xerais da materia

No Decreto propóñense os seguintes obxectivos:

- a) Acorde.
- b) Consonancia e disonancia.
- c) Estado fundamental e inversións dos acordes tríades e de sétima sobre todos os graos da escala e dos acordes de novena de dominante.
- d) Enlace de acordes.
- e) Tonalidade e funcións tonais.
- f) Elementos e procedementos de orixe modal presentes no sistema tonal.
- g) Ritmo harmónico.
- h) Cadencias perfecta, imperfecta, plagal e rota.
- i) Procesos cadenciais.
- j) Modulación: diatónica e cromática, por cambio de función tonal, cambios de ton e modo, etc.
- k) Flexións introtonais.
- l) Progresións unitonais e modulantes.
- m) Series de sextas e sétimas.
- n) Emprego dos elementos e procedementos anteriores na realización de traballos escritos.
- o) Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e dos procedementos aprendidos.
- p) Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a forma musical.

Contidos segundo o curso e a avaliación

Desenrolamos os contidos da materia desta forma en cursos e avaliacións:

Curso 3º	
1ª avaliación	Unidade I
	Unidade II
	Unidade III
2ª avaliación	Unidade IV
	Unidade V
	Unidade VI
	Unidade VII
3ª avaliación	Unidade VIII
	Unidade IX
	Unidade X
Curso 4º	
1ª avaliación	Unidade XI
	Unidade XII
2ª avaliación	Unidade XIII
	Unidade XIV
3ª avaliación	Unidade XV
	Unidade XVI

Metodoloxía didáctica

Basearase no aprendizaxe por descubrimento en situación que fomenten a creatividade e autonomía dos alumnos e alumnas. A aprendizaxe é un proceso persoal de cada discente que o profesor non pode impoñer ou substituír, só estimular e facilitar de acordo ó interese do aprendiz.

A metodoloxía basearase nos seguintes principios metodolóxicos:

- a) Formación personalizada.
- b) Participación e colaboración dos pais e nais ou tutores.
- c) Efectiva igualdade de dereito entre os sexos.
- d) Desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico.
- e) Fomento dos hábitos de comportamento democrático.
- f) Autonomía pedagóxica.
- g) Atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional.
- h) Metodoloxía activa.
- i) Relación co entorno social, económico e cultural.

Haberá que prestar especial atención ó aspecto colectivo da clase de análise, aproveitando para desenvolver a motivación e o interese do alumno ou alumna. Ó ser un grupo grande será o profesor o que ostente o papel de líder, pero tentarase conseguir unha variedade de traballos que abranquen dende o individual ó colectivo pasando polos pequenos grupos. Tentarase de evitar a polarización clásica de función, deixando ós alumnos e alumnas a toma dun papel activo. O modelo docente deberá ser dinámico e integrador, compartindo a responsabilidade, estimulando o diálogo e a participación ordenada dos alumnos, facilitando a aprendizaxe por descubrimento, integrando as suxestións dos alumnos adaptándose mellor ás súas necesidades.

O ambiente de traballo é tamén importante. Tentarase adaptar a clase ás características propias e sempre cambiantes de cada grupo de alumnos. O profesor deberá establecer na clase unha autoridade clara, pero as súas correccións deberán ser sempre construtivas e sen xestos nin comentarios despectivos que poidan resultar ofensivos. O profesor interesarse igualmente por todos os alumnos e alumnas, evitando os diálogos excesivamente personalizados. Os problemas específicos trátaranse na tutoría.

Para que os discentes estean verdadeiramente motivados deberán coñecer exactamente os obxectivos e plano de cada actividade e ser estimulados nos seus centros de interese comprendendo a funcionalidade do que aprenden. Neste senso, e dado o carácter eminentemente teórico que dita materia tivo dende antigo, será importante dentro do posible, realizar todo tipo de actividades que permitan comprender ó alumno ou alumna que se trata dunha materia viva, importante para a súa formación musical.

Ademais a avaliación deberá ser continua, formadora e orientadora, e estimularase a motivación baseada na autoestima e os reforzos positivos.

Poderanse utilizar técnicas de grupo orientadas a fomentar o traballo e a reflexión en grupo.

As actividades de ensinanza serán de diferentes tipos segundo o grupo e os contidos, conceptos, procedementos e actitudes que se queiran desenvolver. Para ensinar conceptos farase uso das actividades expositivas (tanto por parte do profesor ou do alumno ou alumna coma dos grupos de alumnos). Tamén se poden organizar discusións ou debates, os cales requirirán unha preparación previa individual ou por equipos e un protocolo de funcionamento claros. O moderador será normalmente o profesor. A análise das partituras farase de forma colectiva alternándoa co traballo individual.

Medidas para atención á diversidade, alumnado ACNEE y ACNEAE e acción tutorial xeral

Atención á diversidade

No contexto destes cursos de análise, é importante recoñecer a diversidade de perfís e niveis de habilidade entre os estudantes. Aínda que no grupo non haxa alumnado con necesidades especiais identificadas, é fundamental promover un ambiente inclusivo que aborde as diferentes formas en que o alumnado aprende e se desenvolve musicalmente. As medidas de diversidade céntranse en adaptar o ensino para satisfacer as necesidades individuais de cada alumno e promover unha aprendizaxe equitativa e accesible. A continuación móstranse algunhas das medidas que se levarán a cabo:

- Diferenciación de contidos: Os contidos ofertaranse con diferentes niveis de dificultade para que os estudantes poidan progresar ao seu propio ritmo. Isto incluírá exercicios de harmonía e actividades que van desde o básico ata o avanzado, que ofrecen oportunidades de ampliación e consolidación de coñecementos.
- Apoio individualizado: aínda que non haxa alumnos con necesidades especiais identificadas, ofrecerase apoio individualizado para aqueles que o precisen. Isto incluírá sesións de consulta individuais para resolver dúbidas ou dificultades concretas que poidan xurdir.
- Flexibilidade nas avaliacións: permitirase certa flexibilidade nas avaliacións para acomodar as necesidades do alumnado. Por exemplo, pode ofrecer opcións para proxectos ou tarefas para que os estudantes poidan escoller aqueles que mellor se axusten ás súas fortalezas e áreas de interese.
- Accesibilidade dos recursos: garantirase que todos os materiais de aprendizaxe sexan accesibles e que os recursos estean dispoñibles en diferentes formatos segundo sexa necesario.
- Comunicación aberta: fomentaranse a comunicación aberta e regular co alumnado para comprender as súas necesidades e preocupacións individuais. Animaranse aos estudantes a que expresen as súas preocupacións e busquen apoio cando sexa necesario.
- Foco na aprendizaxe autodirixida: potenciarase o desenvolvemento de habilidades de aprendizaxe autodirixida, permitindo que o alumnado controle o seu propio progreso e adapte o seu estudo segundo as súas necesidades individuais.
- Promoción da diversidade cultural: a diversidade cultural será recoñecida e valorada no contexto da música e da harmonía, o que enriquecerá a experiencia de aprendizaxe e favorecerá a comprensión intercultural.

Aínda que non haxa alumnado con necesidades especiais identificados neste grupo, estas medidas de atención á diversidade garanten que todos os estudantes teñan a oportunidade de aprender de forma eficaz e de sentirse valorados no ambiente de aprendizaxe en harmonía.

ACNEE e ACNEAE

No tocante ós grupos nos que se identifiquen estudantes con necesidades educativas especiais (ACNEE) o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, incluíndo neste grupo ós alumnos e alumnas con altas capacidades, (ACNEAE), se seguirán rigorosamente os protocolos oficiais establecidos pola Xunta de Galicia. Calquera medida específica de atención á diversidade para estes estudantes se determinará en consulta directa cos profesionais que diagnosticasen o caso, como psicólogos, pedagogos ou especialistas en educación inclusiva. A prioridade é garantir que estes estudantes reciban o apoio necesario para maximizar a súa aprendizaxe e desenvolvemento, mentres se promove un entorno educativo inclusivo e equitativo para todos.

Acción tutorial

Implementaranse medidas de acción tutorial destinadas a brindar apoio e orientación ós estudantes no seu desenvolvemento musical e académico, como a comunicación aberta e regular entre os estudantes e o profesor para abordar preguntas, preocupacións ou desafíos específicos que puidesen surxir durante o curso. Débese destacar nesta liña que é especialmente frecuente que os alumnos non coñezan as diferentes opcións para continuar os seus estudos de música. O obxectivo principal destas medidas é proporcionar un ambiente de apoio e guía para que cada estudante descubra as posibilidades no seus estudos musicais.

Aínda que non se especifique ó longo do texto, as medidas desta sección (diversidade, ACNEE, ACNEAE e acción tutorial) implicarán a toda a comunidade educativa.

Posibles problemas sobre a continuidade do curso.

No pasado houbo que desenvolver novas actividades e novos xeitos de levalas a cabo debido o illamento domiciliario por mor da Covid-19. Pero debemos ter en conta que estas circunstancias poderían aparecer por múltiples causas (enfermidade de longa duración dunha alumna, por exemplo). O curso está programado para poder funcionar tanto de xeito presencial como telemáticamente se así fose preciso. No caso das ferramentas de avaliación, o portafolio seguiría a funcionar do mesmo xeito (optando nese caso por unha entrega dixital do mesmo), mentres que a observación directa si que veríase afectada. Segundo as circunstancias tamén sería necesario corrixir a ponderación das ferramentas (metodolóxicas, de avaliación, etc.), ou propor novas.

Acnee y accede

Ampliación de matrícula

Avaliación

A avaliación do alumno será continua e integradora polo que é requisito indispensable para superar a materia a asistencia regular ás clases e a realización das actividades programadas que puideran desenrolarse ó longo do curso. Ademais, segundo os principios metodolóxicos mentados na anterior sección, será de máxima importancia a actitude do alumnado perante tanto o profesor coma os compañeiros e compañeiras.

Ferramentas de avaliación

A avaliación basearase fundamentalmente en dúas ferramentas. A primeira será traballo do profesor: a observación directa durante as clases, que será rexistrada no caderno do profesor. Valorarase a actitude, o traballo diario e documentarase a asistencia.

Na avaliación do traballo diario terase en conta non só a asistencia a clase e o traballo en clase, senón parámetros como a puntualidade ás clases, comportamento, actitude, participación, etc. ademais da realización das propostas de traballo dentro e fóra da aula e as melloras paulatinas que se irán apreciando en ditos traballos e nas propias probas.

A segunda ferramenta corresponde ó alumnado, será o portafolio. Nel iranse incluíndo exercicios propostos ó longo do curso. Estes poderán ser traballados ó longo de todo o curso, e o alumno ou alumna poderá ir pedindo ó profesor correccións previas. Polo carácter continuo do traballo nas dúas ferramentas, enténdese que a avaliación é continua en ambos casos.

Se o profesorado o estimase, poderase substituír parte do traballo do portafolio por exames no senso tradicional. Isto propoñerase se algún dos discentes prantéxese facer probas de acceso a un conservatorio superior ou centro onde se lle requirisen e deba enfrontarase a unha proba deste tipo, e deben estar preparados para este tipo de probas.

Haberá unha terceira ferramenta, pero será para a avaliación da propia docencia, consistirá no uso de tests KPSI, tanto na avaliación inicial como ó longo do curso.

Criterios de avaliación

Ademais dos criterios propios da convivencia xa explicados no apartado anterior, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado. Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o dominio do alumnado no referente á mecánica de encadeamento de acordes e a súa aplicación a unha realización coidada e interesante desde o punto de vista musical.
- b) Realizar exercicios de harmonización a partir de triples dados. Con este criterio avaliarase a capacidade para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos por medio dunha realización coidada e interesante, con especial atención á voz do baixo.

- c) Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados. Este criterio permite avaliar a capacidade do alumnado para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante desde o punto de vista musical, con especial atención á voz de soprano.
- d) Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio. Este criterio de avaliación permitirá valorar a capacidade do alumnado para crear na súa integridade pequenas pezas musicais a partir das indicacións harmónicas esquemáticas ou dos procedementos que se lle propoñan, así como a súa habilidade para acadar unha realización lóxica, coidada e interesante, con especial atención ás voces extremas.
- e) Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Mediante este criterio poderá avaliarse o progreso da habilidade auditiva do alumnado a través da identificación dos tipos de acordes estudados, en estado fundamental e nas súas inversións.
- f) Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal. Este criterio de avaliación permitirá valorar o progreso da habilidade auditiva do alumnado no recoñecemento do papel funcional xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencias, progresións, etc.).
- g) Identificar auditivamente estruturas formais concretas. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para identificar a forma en que está construída unha obra, así como para comprender a estreita relación entre a devandita forma e os procedementos harmónicos empregados.
- h) Identificar, mediante a análise de obras, os elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos acordes estudados e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico.
- i) Identificar, mediante a análise de obras, os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal. Mediante este criterio será posible avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos harmónicos estudados e os elementos formais básicos, o seu papel funcional e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico.
- j) Identificar, mediante a análise de obras, os procedementos de transformación temática. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para recoñecer as transformacións temáticas dos materiais que interveñen nunha obra e a súa relación co contexto harmónico e estilístico.
- k) Identificar auditivamente erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para detectar por medio da audición os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor alternativas adecuadas.

- l) Identificar, mediante a análise, erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Isto permitirá valorar a habilidade do alumnado para detectar por medio da análise os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor solucións axeitadas.
- m) Improvisar no piano, a partir de esquemas propostos, os encadeamentos de acordes e procedementos da harmonía tonal estudados, dentro dun carácter basicamente homofónico. Con este criterio poderase valorar tanto a capacidade do alumnado para improvisar os encadeamentos e os procesos harmónicos básicos en todas as tonalidades como o grao de interiorización destes.
- n) Tocar no piano os traballos realizados. A través deste criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de empregar un instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o escrito e interiorizar o efecto que producen as sucesións harmónicas realizadas.

Todos estes criterios están relacionados cunha serie de coñecementos técnicos sobre as distintas técnicas harmónicas de cada período histórico que haberá que coñecer, e sobre os caís o alumno ou alumna pode ser avaliado.

Criterios de cualificación

A nota da materia será dada nun 60% pola nota do caderno do profesor e nun 40% pola nota do portafolio. A nota global para considerar a proba superada será de 5.

No caso de detectar plaxio nalgunha parte avaliable, esta levará automaticamente a calificación de 0.

Actividades de recuperación e reforzo para alumnado coa materia pendente:

Recuperación durante o curso

Seguindo coa filosofía da avaliación continua, as ferramentas de avaliación da segunda avaliación incluírán os exercicios e probas da primeira, e nas ferramentas de avaliación da terceira avaliación incluírán os exercicios e probas da primeira e segunda avaliación para que poidan recuperalas aqueles que non as teñan superado ó longo do curso. Con iso, haberá casos nos que se poida entender superado un trimestre anterior mediante os traballos correspondentes do portafolio.

Avaliación extraordinaria

No caso de a nota das actividades do portafolio non cheguen ó aprobado, ou no caso de que, sempre a proposta do profesor, o alumno ou alumna desexe subir a súa cualificación numérica, o alumno ou alumna deberá facer unha proba extraordinaria.

Contidos da proba:

Estará constituída por un ou máis dos seguintes exercicios:

- Escritura dun exercicio harmónico a catro voces a partires dun canto dado.
- Escritura dun exercicio harmónico a catro voces a partires dun baixo dado.
- Análise harmónico breve dun fragmento tipo coral figurado.

- Preguntas teóricas ou teórico-prácticas: sobre os contidos nun formato ben tipo test ou de resposta curta a criterio do profesor.

Criterios para a corrección das probas:

Avaliaranse cada unha das preguntas propostas de 0 a 10 e estas serán ponderadas segundo a rúbrica da proba. A nota mínima respecto as probas de escritura dun exercicio harmónico deberá ser 4 para realizar a ponderación correspondente (de non ser así nestes exercicios, a proba constará como non superada).

Criterio para a cualificación das probas:

A nota global para considerar a proba superada será de 5.

Proba de acceso a 5º ou 6º de GP

Contidos da proba:

Estará constituída por un ou máis dos seguintes exercicios co nivel de 4º de GP:

- Escritura dun exercicio harmónico a catro voces a partires dun canto dado.
- Escritura dun exercicio harmónico a catro voces a partires dun baixo dado.
- Análise harmónico breve dun fragmento tipo coral figurado.
- Preguntas teóricas ou teórico-prácticas: sobre os contidos nun formato ben tipo test ou de resposta curta a criterio do profesor.

Criterios para a corrección das probas:

Avaliaranse cada unha das preguntas propostas de 0 a 10 e estas serán ponderadas segundo a rúbrica da proba. A nota mínima respecto as probas de escritura dun exercicio harmónico deberá ser 4 para realizar a ponderación correspondente (de non ser así nestes exercicios, a proba constará como non superada).

Criterio para a cualificación das probas:

A nota global para considerar a proba superada será de 5.

Recuperación de materias pendentes

O alumnado coa Harmonía de 4ºGP pendente, asistirá ás clases de 4º curso e realizará as mesmas tarefas e probas. A avaliación e a cualificación será a ordinaria no curso.

Avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Verá dada polos resultados dos tests KPSI que se fagan ó longo do curso.

Ampliación de matrícula

Se houbera algún alumno o alumna proposto para ampliación de matrícula, levarase a cabo unha avaliación durante o primeiro trimestre para determinar a súa madurez de aprendizaxe e responsabilidade no estudio. Se, segundo criterios obxectivos, se demostrara que o discente tivera a capacidade adecuada para o curso que cursa e para o curso ó que desexa acceder, e esta avaliación é respaldada polo informe da totalidade do profesorado que lle imparte docencia, entón o Concello Escolar do centro poderá autorizar excepcionalmente a ampliación da súa matrícula para curso seguinte.

No caso dos alumnos ou alumnas non propostos, pero aprendizaxe destacado, propondrase ós mesmos no caso de cumpriren os seguintes requisitos:

- Rendemento académico: Considerarase o historial pasado de calificacións e o desempeño no curso actual, asegurando que o discente es estea a manter un nivel adecuado de rendemento.
- Comportamento y responsabilidade: Evaluarase a actitude e o comportamento do estudante na aula, a súa puntualidade e a entrega de tarefas, demostrando una responsabilidade constante cara os seus estudos.

As propostas de ampliación non eximen de alcanzar os requisitos mínimos na materia.

Bibliografía

Oltra, Manuel. (2010). *Ejercicios de acompañamiento*. Boileau.

Piston, Walter. (2017). *Armonía*. Idea música.

Robles, Luis. (s.d.). *Armonía tonal clásica*. [Autoedición web].